

CIENCIAS SOCIAIS 4º: ELEMENTOS DO MAPA DE ESPAÑA



Hoxe queremos propoñervos traballar co mapa de España. Os que non imprimades esta ficha, podedes debuxar o mapa na vosa libreta e completalo cos seguintes elementos:

1. Escribe no seu lugar: Mar Cantábrico, Mar Mediterráneo e Océano Atlántico.

2. Coloca o nome das Illas Baleares e das Illas Canarias.

3. Coloca as cidades de Ceuta e Melilla no seu lugar correspondente.

4. Escribe os 2 países veciños (Portugal e Francia) no seu sitio.

5. Agora vai colocando os seguintes elementos do seu relevo:

*Pireneos.

*Cordilleiras Béticas.

*Macizo Galaico-leonés.

*Sistema Central.

*Sistema Ibérico.

*Serra Morena.

Agora para rematar contesta a esta pregunta: Que diferencia hai entre as montañas, as serras e as cordilleiras?